



## PREGUNTA ORAL SOBRE AS ACCIÓNS PROMOVIDAS PARA A RECUPERACIÓN DA ZONA DE SAR ONDE SE CELEBROU O BANQUETE DE CONXO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Está a próximo a cumprirse un ano desde que o Pleno Municipal acordara por unanimidade unha proposición presentada polo Partido Popular para a recuperación da zona de Sar onde se celebrou o histórico Banquete de Conxo. A resolución adoptada no pasado novembro instaba ao Concello a procurar a colaboración das administracións implicadas para, ante a celebración en 2016 do 160 aniversario desta efeméride, iniciar antes de que rematara o ano 2015 as negociacións e medidas necesarias para acondicionar a zona do *belvedere* e o contorno fluvial próximo a onde se puido celebrar no mes de marzo de 1856 o Banquete de Conxo. Tamén se acordaba facilitar o acceso público, instalar a sinalización e os elementos informativos para animar a visita ao lugar, así como incluír unha partida específica nos orzamentos municipais do 2016 destinada a este fin. E, por último, solicitábase a programación ao longo do ano actual de actividades que axudaran a lembrar o verdadeiro significado do Banquete de Conxo, no contexto da historia de Santiago e de Galicia.

Pasados dez meses, non temos constancia de ningunha medida específica en relación con este acordo. Unicamente se ten celebrado o recital poético que todos os meses de marzo, desde hai varios anos, serve de conmemoración do acontecemento e unha pequena exposición. Pero nada se sabe do acondicionamento da zona, o acceso público, a sinalización, nin de investimento ningún específico destinado a este lugar. Mesmo no programa da 30ª Semana Cultural de Conxo, que organiza o Concello entre o 20 e 24 de setembro, non se incluíu ningún acto ou actividade específica sobre esta celebración.

Por iso, cando está a piques de rematar o 160 aniversario do Banquete de Conxo, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

***Que accións concretas se teñen realizado para dar cumprimento ao acordo plenario unánime para a recuperación da zona de Sar onde se celebrou o histórico Banquete de Conxo, para a súa posta a disposición da veciñanza e para a difusión do significado histórico e cultural daquel acontecemento?***

Santiago de Compostela, a 4 de outubro de 2016

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.